

# A dixitalización procedemental como imperativo fito tecnolóxico e normativo da modernización da xustiza

JOSÉ MANUEL RAMÍREZ SINEIRO

Dr. en Dereito

Maxistrado da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Tcol. Auditor (D.I.) da Armada (S.E.)

Profesor Asociado de Dereito Administrativo da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña

42 Regap

Regap

ESTUDOS E NOTAS

**Resumo:** *A dixitalización é a pedra de base sobre a que se debería acometer a reforma material dos órganos xurisdicionais da Administración de Xustiza de España e, en particular, das súas correspondentes oficinas xudiciais, xa que semellante pauta de innovación tecnolóxica non consiste soamente no masivo “escaneado” do soporte documental contido nos arquivos xudiciais senón en contar tamén con buscadores avanzados de segunda xeración que permitan a busca instantánea e interconectada da dispersa información obrante non só nos xulgados e tribunais senón nas diferentes Administracións públicas (ministerios de Xustiza; Interior; Facenda, etc.), tanto mediante pautas de rastrexo de texto coma de imaxes.*

*Con todo, a reforma emprendida en España parece ter nacido curta de ás na medida en que orixinalmente a dixitalización se entendeu como unha mera técnica inherente ao mellor tratamento dos arquivos xudiciais e, en particular, para obter un imprescindible aforro de espazo físico nos seus ateigados locais, prescindíndose da súa dimensión máis transcendente e relativa á posibilidade de asociar a devandita innovación tecnolóxica “buscadores-araña” que posibilitasen a busca instantánea, simultánea e interconectada de información en múltiples arquivos contidos mesmo dentro ou fóra da Administración de Xustiza.*

*Cando en ocasións as disfuncións materiais e procedementais inherentes ás actuacións xudiciais se transforman en flagrante inxustiza -tal como se puxo de manifesto e por desgraza en España de forma reiterada en casos que todos temos presentes-, plasmada na expresión retardo estrutural, resulta tan urxente como imprescindible abordar a imperativa implantación da dixitalización procedemental integral e interactiva dos nosos xulgados e tribunais a nivel nacional.*

*Malia a recente entrada en vigor o pasado día 7 de xullo do 2011 da Lei núm. 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e da comunicación na Administración de Xustiza, carécese dun plan coherente e xeneralizado co fin de poñer en práctica a dixitalización procedemental integral da Administración de Xustiza, sen que a apresurada experiencia parcialmente realizada ao respecto na Audiencia Nacional sirva para outra cousa que demostrar que esa non é o modo axeitado de levala a cabo.*

*A dixitalización procedemental integral e xeneralizada constitúe pois tanto a canle coma o requisito técnico-ofimático imprescindible para sacar aos órganos xudiciais dos seus endémicos marasmos e descontrol procedementais así como para obviar a obsolescencia tecnolóxica que están a padecer e a esterilidade de ímprobos e denodados esforzos profesionais e aínda persoais -a miúdo descoñecidos e ás veces ignorados-, de xuíces, maxistrados e fiscais; de secretarios xudiciais e do correspondente persoal funcional auxiliar que maioritariamente cumpre o seu labor*



*co único afán de defender a legalidade e aos cidadáns sen máis recompensa que un soldo paradoxal pero neta e temporalmente decrecente.*

**Palabras clave:** dixitalización, “escaneado”, “buscadores avanzados”, “buscadores araña”, retardo estrutural, dixitalización procedemental e interactiva, dixitalización procedemental e xeneralizada.

**Abstract:** *Digitalization is the foundation on which the material reform of Spain's Justice Administration should have been undertaken and, in particular, its respective judicial offices. This trend of technological innovation is not merely mass scanning of supporting documentation contained in court records, but also the inclusion of advanced search options that enable instant and interconnected searching of random information not only in the Courts, but also within different Public Administrations (Ministries of Justice, Interior, Treasury, etc ...), by way of text or images.*

*However, in Spain this approach seems to have started at a disadvantage given that digitalization was initially understood as a mere technical improvement for the storing of court records and, in particular, the avoiding the need for physical storage space. However, this ignored its core technological advantage which is the ability to perform “spider-browsers” enabling simultaneous, interconnected and instant searches for information in multiple files both within or outside the Administration of Justice's records.*

*When sometimes material and procedural failures linked to legal proceedings become an outright miscarriage of justice -as has happened consistently in Spain in various cases-, this “structural delay”, is therefore both urgent and essential to address as is the immediate implementation of comprehensive procedural and interactive digitalization of our national courts. The immediate enacting of legislation should be invariably included in the list of upcoming legislative reforms envisaged for the Administration of Justice in Spain.*

*Despite the recent entry into force last July, the 7th, of the Law nº 18/11, from July, the 5th, regulating the usage of information and communication technologies within the Justice Administration, it lacks a coherent and widespread plan in order to implement the integral, procedural digitalization of the Justice Administration, no matter the partial and rushed experience done in the National High Court that proves that is not the right way of doing it.*

*The widespread and complete procedural digitalization is the paramount technological requirement to lead judicial organs away of their current and endemic procedural disarray. In addition, the importance of shedding light on procedural and technological obsolescence that disrupts professional -and even personal- efforts of Judges, magistrates and prosecutors; Court Clerks and auxiliary personnel concerned directly with defending the legality and citizenry, with no other reward than a scant salary that is temporarily decreasing.*

**Key words:** *digitalization, scanning, advanced search options, “spider-browsers”, “structural delay”, comprehensive procedural and interactive digitalization, the widespread and complete procedural digitalization.*

**Índice:** *I.- Introducción. II.- A dixitalización procedemental integral e a modernización xudicial estrutural dos Xulgados e Tribunais. III.- A dixitalización procedemental á luz dunha próxima experiencia comparada: o caso de Portugal. IV.- A implantación de buscadores de segunda xeración como corolario da dixitalización e modernización xudicial. V.- A dixitalización á luz da vixencia da Lei núm. 18/11, de 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza. VI.- Conclusión: a implantación da digitalización procedemental como obrigado fito normativo da modernización da Xustiza.*

## I Introducción

O núcleo do labor xudicial plasmado no normalizado ditado de resolucións xudiciais decisorias ou interlocutorias require como presuposto previo a existencia dun conxunto coordinado de medios materiais e humanos residenciais nas distintas Oficinas xudiciais que asegure material e inescusablemente o normal e acelerado desenvolvemento do proceso en calquera Orde xurisdiccional, de forma que se cumpra o imperativo dunha xustiza a tempo e sen dilacións de ningún xénero.

Porén, a realidade cotiá das Oficinas xudiciais -polo menos tal como acaece actualmente en España-, non responde materialmente ata a data a semellantes parámetros de normalizada eficacia, sendo a miúdo obvio que os seus recursos materiais e humanos non funcionan homoxeneamente con aquel cometido resolutor propio do titular xudicial e que semellante descoordinación propicia a aparición de múltiples disfuncións procesais sempre presididas por senllos endémicos males: o descontrol procedemental primeiro e o retardo xurisdiccional despois.

Resulta pois imprescindible dotar de inmediato aos diferentes órganos xudiciais unipersoais y colexiados dun instrumento informatizado de xestión e control avanzados que permita aos responsables do seu normalizado funcionamento cotián coñecer con exactitude, fiabilidade e sinxeleza o pormenorizado estado tramitacional de todos os procesos ao seu cargo a fin de asegurar o seu mellor desenvolvemento procesal, sen prexuízo de resultar igualmente plausible que se posibilitase ademais que o seu contido puidese ser posto integramente e de xeito instantáneo en poder daquelas superiores Instancias xudiciais ou gubernativo-xurisdicionais competentes ao efecto.

Parecería igualmente plausible que semellante instrumento de control non sobrecargase o abafador traballo tramitacional diario dos diferentes órganos xudiciais unipersoais e colexiados –tal como desde logo ocorreu en España ata a data en canto a implantación de sucesivos e custosos programas informáticos no ámbito xudicial parece máis orientada á obtención dun control estatístico superior e alleo que a lograr a mellor e máis eficaz xestión procesal cotiá-, senón que como primordial premisa facilite e potencie o habitual funcionamento de Xulgados e Tribunais.

A integrada utilización dunha interface visual agradable ao usuario e de doado e xeral manexo aínda para aquel persoal auxiliar orfo de maiores coñecementos informáticos resulta sen dúbida extremo tan imprescindible como o combinado emprego dun procesador de textos interactivo e dunha avanzada base de datos, adiciándose todo iso ao normalizado acceso aos novidosos soportes documentais aptos tanto para a utilización de buscadores de última xeración como para o seu masivo e instantáneo envío vía “e-mail” a través de INTERNET ou daquelas eventuais INTRANET’s xudiciais ou corporativo-institucionais que puidesen xeneralizarse no futuro.

Así, existe unha pauta tecnolóxica –a dixitalización-, que non só serve de base senón que asume e aínda centra o acelerado proceso de innovación informática, telemática e ofimática no que se atopa inmersa a sociedade contemporánea e cuxa integral asunción pola Administración de Xustiza permitiría obter a súa inmediata equiparación aos normalizados e aínda máis avanzados parámetros tecnolóxicos na materia.

## II A dixitalización procedemental integral e a modernización xudicial estrutural dos Xulgados e Tribunais

A dixitalización supón pois a conversión masiva e individualizada dos procedementos xudiciais en soportes dixitais de imaxes inalterables e permitiría non só a normalizada integración de toda clase de innovacións e soportes gráficos e audiovisuais senón que sobre todo suporía abrir dunha vez o ámbito da Administración de Xustiza á catarata de adiantos tecnolóxicos que caracterizan á sociedade actual e ao seu futuro inmediato.

En suma, a dixitalización non só constitúe un novidoso factor tecnolóxico aforrador de espazo físico nos correspondentes edificios xudiciais –a cuxa connotación paradoxalmente reducirase a mesma en España mediante o Real Decreto núm. 937/03, de 18 de xullo, de modernización dos arquivos xudiciais-, senón que ben por contra asume e aínda centra o acelerado proceso de innovación informática, telemática e ofimática en que se atopa inmersa a sociedade contemporánea e cuxa integral asunción pola Administración de Xustiza lle permitiría alcanzar aquelas pautas de eficacia e control procedementales anheladas por todos.



A implantación de procedementos de masiva xestión documental, audiovisual e telemática en tempo real que leva consigo a dixitalización integral dos diferentes procedementos xudiciais –tanto en trámite como arquivados-, leva consigo pois a aparición de órganos xudiciais dixitalizados e interactivos nos que non só poderían visualizarse, imprimirse e reproducirse todas as resolucións xudiciais consideradas “stricto sensu” –é dicir, Providencias; Autos e Sentenzas-, senón mesmo o resto das actuacións –o acervo probatorio e as dilixencias-, ademais daquelas outras documentais –demanda; contestacións; alegacións e escritos varios-, aportadas polas correspondentes Contrapartes ou por calquera Organismo público e privado e calquera que fose o seu soporte (papel; imaxes; arquivos informáticos; etc...).

A dixitalización integral dos diferentes órganos xudiciais é o presuposto necesario de calquera pauta de efectiva modernización xudicial estrutural da Administración de Xustiza que permitiría entre outros extremos e nun prazo inmediato:

- a) Erradicar o descontrol procedemental e as clamorosas bolsas de atraso tramitacional inherentes ao mesmo ao permitir visualizar doada e cotiamente aos diferentes Secretarios e ás superiores Autoridades xudiciais ou inspectoras competentes e mediante meros toques de “rato” calquera documento ou actuación xurisdiccional e a súa correspondente situación tramitacional material e efectiva.
- b) A interrelación e comunicación telemático-dixital entre as diversas Instancias e órganos xudiciais así como coas demais Administracións Públicas de carácter territorial ou institucional.
- c) A redución substancial da duración dos distintos procesos ao permitir no seu caso a inmediata e masiva notificación telemático-dixital vía “e-mail” das correspondentes resolucións xudiciais ás Contrapartes comparecidas públicas e privadas.
- d) O inmediato acceso a caixas de correo xudiciais dixitais vía “e-mail” das diferentes Contrapartes públicas e privadas; dos colectivos de Letrados e Procuradores e aínda dos cidadáns en xeral.
- e) A introdución de buscadores lineais e aínda transversais de última xeración non só de carácter xeneralizado na Administración de Xustiza senón mesmo singularizadamente adaptados a cada Orde xurisdiccional e aínda a cada órgano xudicial colexiado ou unipersoal que permitirían a obtención de precisos parámetros en tempo real da inxente masa de información –desde identidades ás sucesivas vicisitudes procedementais ou aínda catálogos de historiais persoais, etc.-, contida naqueles múltiples e interconectables arquivos xudiciais previamente dixitalizados.

A dixitalización debería permitir ademais a consecución de órganos xudiciais controlados, transparentes e interrelacionados a un custo unitario que non debería superar unha media de DEZA OITO MIL (18.000) EUROS por órgano xudicial unipersoal ou Sección de órgano xurisdiccional de carácter colexiado que posibilitaría non só economizar gastos correntes como teléfono; correo postal ou papel senón que ademais faría dar á Administración de Xustiza un salto cualitativo-temporal que a faría servir de locomotora modernizadora do resto das Administracións Públicas e aínda do Sector privado.

Fracasadas pero aínda contemporáneas experiencias de modernización tecnolóxica realizadas en España nos seus diferentes órganos xudiciais –que levaron mesmo á dilapidación de cantidades millonarias por diversas Administracións Públicas-, aconsellarían a efectiva

aplicación ao respecto dunha máxima por demais de mero sentido común: non implantar nada de forma xeneralizada que non fose previa e oportunamente experimentado antes en tempo real e ata a saciedade na Administración de Xustiza a satisfacción dos seus correspondentes usuarios.

Semellantes extremos posibilitarían que os titulares xudiciais –a quen se lles fai sempre responsables dos seus correspondentes órganos xudiciais-,<sup>1</sup> contasen cun equipamento tecnolóxico punta; de doado manexo e custo asumible; capaz de devorar os innumerables baleiros temporal-tramitacionais existentes no curso dos diversos procesos xudiciais; susceptible de controlar e aínda de previr toda clase de disfuncións procedementais e de afrontar o endémico atraso da Administración de Xustiza.

Todo iso sería pois o feixe dun soporte ofimático de cotián e común emprego nos diferentes órganos xudiciais ou unipersoais –en particular, polos seus diferentes titulares xudiciais a fin de que os mesmos tivesen efectiva posibilidade material de desempeñar a superior inspección que ao cabo sempre inescusablemente se lles demanda-, sen prexuízo de que o envés de igual aplicación e equipamento ofimáticos fixese tamén posible empregar ao Servizo de Inspección de Xulgados e Tribunais a cargo do Consello Xeral do Poder Xudicial como activo elemento de prevención de toda clase de anomalías e como eficaz revisor a posteriori das irreversibles incidencias xudiciais ocasionalmente acaecidas.<sup>2</sup>

Hase de subliñar así mesmo que a efectiva implantación material de semellante equipamento ofimático susceptible de cotiá, común e ambivalente utilización pola Inspección de Xulgados e Tribunais e polos diferente titulares dos órganos xudiciais unipersoais ou colexiados a fin do mellor e máis efectivo control procedemental e resolutor, precisamente baseado na previa e integral dixitalización do contido das actuacións xudiciais, suporía introducir un patente factor de homoxeneidade e normalización informáticas no caótico panorama actual irreversiblemente segmentado xa entre o Ministerio de Xustiza e as diferentes Comunidades Autónomas con competencias transferidas ao respecto.<sup>3</sup>

1 Mentres a reforma operada pola L.O. núm. 19/03, de 23 de decembro, de modificación da L.O. núm. 6/85, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, allea paradoxal, funcional e materialmente a efectiva dirección dos diferentes órganos xudiciais aos Xuíces e Maxistrados, o Art. 165 “ab initio” da vixente redacción da devandita L.O. núm. 6/85, de 1 de xullo, mantén a atribución aos correspondentes titulares xudiciais dunha “superior dirección” ao respecto non só baleira de todo efectivo contido seón mesmo susceptible de xerar eventuais resultas disciplinarias, conforme ao sancionador teor dos Arts. 417,9; 418,11; 419,3 e 420 de igual Norma legal que ao cabo resultan mesmo pública e mediaticamente esixidos aínda baixo pautas de carácter primordialmente obxectivo, sen prexuízo de que aqueloutra Lei núm. 15/03, de 25 de Maio, reguladora das retribucións da carreira xudicial, os responsabilice mesmo nun plano retributivo aínda da falta de efectividade xurisdiccional derivada de calquera disfunción procedemental a cuxa orixe ou etioloxía poidan ser desde logo por completo alleos.

2 O inicial propósito da Vicepresidencia do Consello Xeral do Poder Xudicial pareceu abundar desde logo en semellante pauta organizativa non só por terse instituído alí unha Comisión de Modernización e Informática Xudicial senón mesmo porque Fernando de Rosa Torner –que daquela a preside-, significou que “unha Inspección nunca debe actuar a posteriori, cando xa ocorreu un caso... Debemos formular unha actuación preventiva para non ter que realizar unha actuación represiva...”, polo que “desde a miña responsabilidade como Vicepresidente do Consello vou instar a que exista unha Inspección preventiva, moi ligada ao territorio e que non funcione de forma burocratizada...”. Cit. Colli, Nieves-Villanueva, Nati: “Este será o CXPX das autonomías, pero como un órgano único para toda España”. “ABC”, 04.10.08, p.17. Porén, hase de subliñar que ata a data faltan tanto o “software” como o conxunto de utilidades ofimáticas que fagan materialmente posible semellante plausible propósito.

3 Para unha precisa aproximación periodística a semellante situación, Reventós, Laia: “La Justicia se ahoga en islotes”. “EL PAIS”, 23.12.08, Pp. 36 e 37.



Será pois plausible que o Consello Xeral do Poder Xudicial implantase a nivel estatal, en exercicio das súas exclusivas competencias ao respecto<sup>4</sup> e desde logo sempre *en paralelo* aos sistemas ofimáticos actuais auspiciados polo Ministerio de Xustiza e diferentes Comunidades Autónomas –sen que por ende ninguén vise invadidos os seus insólitos privilexios competenciales legal e regulamentariamente conferidos-,<sup>5</sup> un singularizado equipamento ofimático precisamente dirixido ao normalizado exercicio do control procedemental tanto de carácter inmediato a cargo de Xuíces e Maxistrados –que sempre se lles reclama segundo aquelas potestades xudiciais englobadas baixo as súas superiores facultades de “dirección e inspección de todos os asuntos”, establecidas polo Art. 165 da L.O. núm. 6/85, de 1 de xullo, do Poder Xudicial-, como aínda de modo remoto e como factor preventivo de toda clase de disfuncións tramitacionais e resolutorias polo Servizo de Inspección do Poder Xudicial.

4 Mentres o Art. 230,1 e 2 da L.O. núm. 6/85, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece tanto que “os Xulgados e Tribunais poderán empregar calquera medio técnico, electrónico, informático e telemático para o desenvolvemento da súa actividade e exercicio dos seus fins, coas limitacións que á utilización de tales medios establece a L.O. núm. 5/92, de 29 de Outubro –aínda que hai que subliñar que semellante referencia normativa está xa notoriamente obsoleta ao estar derrogada a devandita Norma legal por aquelaoutra ulterior e agora vixente L.O. núm. 15/99, de 13 de decembro, de tratamento automatizado dos datos de carácter persoal-, e demais leis que resulten de aplicación”, como que “os documentos emitidos polos medios anteriores, calquera que sexa o seu soporte, gozan da validez e eficacia dun documento orixinal sempre que quede garantida a súa autenticidade, integridade e o cumprimento dos requisitos esixidos polas leis procesais”, o aptdo. 5 “in fine” de igual precepto de semellante Norma legal prevé tamén que “os programas e aplicacións informáticas que se empreguen na Administración de Xustiza deberán ser previamente aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial que garantirá a súa compatibilidade”, sen prexuízo de que “os sistemas informáticos que se empreguen na Administración de Xustiza deberán ser compatibles entre si para facilitar a súa comunicación e integración nos termos que determine o Consello Xeral do Poder Xudicial”. Así, resulta de todo punto patente que conforme aos Arts. 107,3 e 110,2 m) e r) da devandita L.O. núm. 6/85, de 1 de xullo, o Consello Xeral do Poder Xudicial terá competencias –entre outras materias-, acerca “da inspección de Xulgados e Tribunais”, así como que, ademais, “no ámbito da súa competencia e con subordinación ás leis, poderá ditar regulamentos de desenvolvemento desta Lei para establecer regulacións de carácter secundario e auxiliar. Estes regulamentos poderán regular condicións accesorias para o exercicio dos dereitos e deberes que conforman o estatuto xudicial sen innovar aqueles nin alterar este no seu conxunto. Poderán aprobarse nos casos en que sexan necesarios para a execución ou aplicación desta Lei, naqueles casos en que así se preveña nesta ou noutra Lei e, especialmente –entre un amplo catálogo-, nas seguintes materias: m) Inspección de Xulgados e Tribunais...; n) Sistemas de racionalización, organización e medición do traballo que se estimen convenientes cos que determinan a carga de traballo que pode soportar un órgano xurisdiccional...”. Por iso, o Art. 98,1 do Regulamento núm. 1/05, de 15 de Setembro, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, prevé que “a aprobación dos programas e aplicacións informáticos previstos no artigo 230,5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial corresponde ao Pleno do Consello do Poder Xudicial, a proposta da Comisión de Informática Xudicial. Nos mesmos termos, compéte-lle establecer as características que teñen que reunir os sistemas informáticos que se empreguen na Administración de Xustiza”, sen prexuízo de que semellantes pautas resulten ao cabo baleiras de efectivo contido material ulterior na medida en que a súa efectiva posta en práctica corre paradoxalmente a cargo de terceiro persoal –os Secretarios xudiciais-, por completo alieo xerárquica e funcionalmente ao devandito órgano de goberno do Poder Xudicial ao depender de terceiras Instancias integradas no Ministerio de Xustiza ou aínda nos correspondentes Departamentos autonómicos con competencias transferidas na materia. En calquera caso, o Art. 3 do Regulamento núm. 2/10, de 25 de Febreiro, sobre criterios xerais de homoxeneización das actuacións dos Servizos comúns procesais, sinala tanto que “a dirección e xestión dos servizos comúns nos seus aspectos técnico-procesais, corresponde ao Secretario Xudicial Director que estea á fronte dos mesmos”, como que “a este respecto, os Secretarios Coordinadores Provinciais ao redactar os Protocolos e os Secretarios de Goberno ao aprobalos, velarán polo cumprimento dos criterios de homoxeneización aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial e contidos neste Regulamento. Igualmente os referidos Protocolos deberán respectar o deseño, organización e funcións asignados pola Administración Pública competente para a creación do servizo común procesal. Con carácter xeral, o Secretario Xudicial que dirixa un servizo común responderá do estricto cumprimento de cantas actuacións lle encomenden os Xuíces ou Tribunais no exercicio das súas competencias, así como daquelas derivadas doutras funcións atribuídas ao servizo común conforme á normativa que as regule”. En calquera caso, o Art. 4 “ab initio” de igual Regulamento núm. 2/10, de 25 de Febreiro, prescribe tamén que “as distintas aplicacións de xestión procesal instaladas nos servizos comúns contarán con sistemas que permitan ao órgano que tiver encomendado a práctica dalgunha dilixencia -de carácter xudicial hai agora que lembrar-, coñecer en todo momento o estado de tramitación das dilixencias interesadas, coidando en todo momento o Secretario-Director do servizo de que a información estea debidamente actualizada e sexa completa”.

5 O Art. 102,1 e 2 “ab initio” do devandito Regulamento núm. 1/05, de 15 de setembro, prevé que “os sistemas informáticos postos ao servizo da Administración de Xustiza deberán observar o grao de compatibilidade necesario para a súa recíproca comunicación e integración. Corresponde ao Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, a proposta da Comisión de Informática Xudicial e previo informe das Administracións Públicas encargadas da xestión e mantemento dos sistemas, determinar os elementos que han de reunir para cumprir as esixencias de compatibilidade”, así como que “os programas e aplicacións informáticos postos ao servizo da Administración de Xustiza, unha vez que obtivesen a aprobación do Consello Xeral do Poder Xudicial nos termos do Art. 230,5 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, serán de uso obrigatorio no desenvolvemento da actividade da Oficina Xudicial conforme aos criterios e instrucións de uso que diten, no ámbito das súas competencias, o Consello Xeral do Poder Xudicial e as Administracións competentes na dotación de medios materiais”, sen prexuízo de que os apartados 3 e 4 de igual precepto do devandito Acordo regulamentario establezan, por un lado, que “as Administracións Públicas competentes na dotación de medios materiais velarán polo mantemento dun nivel óptimo de seguridade na xestión dos sistemas de información e infraestruturas tecnolóxicas postos ao servizo da Administración de Xustiza”; por outro, que “os programas e aplicacións informáticos incorporarán un acervo documental para favorecer a homoxeneización formal das dilixencias de ordenación e resolucións xudiciais de mero trámite cuxo uso se fomentará, dentro do máis estricto respecto á independencia xudicial. O devandito acervo documental será aprobado pola correspondente Sala de Goberno en coordinación, no seu caso, coa Comisión Mixta integrada por representantes da Sala de Goberno e da Administración competente en materia de medios materiais ao servizo da Administración de Xustiza, sen prexuízo do contido dos Protocolos de Actuación Procesal contemplados no Art. 8 do Real Decreto núm. 1608/05, de 30 de decembro, polo que se aprobou o Regulamento Orgánico do Corpo de Secretarios Xudiciais”, apuntándose por último no seu apartado 5 que “as aplicacións de xestión procesal contemplarán, en todo caso, como unha das súas funcionalidades, a elección da interface de usuario nas linguas oficiais das respectivas Comunidades Autónomas”.

### III A dixitalización procedemental á luz dunha experiencia comparada próxima: o caso de Portugal

A experiencia comparada na materia -levada a cabo desde logo con encomiables pautas de sinxeleza e fiabilidade ofimáticas xeneralizadas-, supón un patente exemplo de como abordar unha reforma normativa prestando atención e solucionando desde logo os cotiáns problemas tramitacionais que determinan en calquera caso o seu éxito ou fracaso, sen que desde logo haxa que acudir a ningunha lonxana pauta de experiencia –como podería desde logo ser a propia dos Estados Unidos onde xa levan practicamente tres lustros de historia ao respecto-, cando existen xa outras farto próximas e propias dun universo xurídico máis próximo.

Así, o sistema informático dixitalizado integrado dos Tribunais Administrativos e Fiscais de Portugal -coñecido como SITAF e que dá soporte ofimático ao sector xurisdicional que en España equivale á Orde xurisdicional contencioso-administrativa-, soporta sen descontrol ou caos tramitacional a hipercontenciosidade da Orde xudicial administrativa portuguesa derivada da práctica supresión de límites previos para acceder á mesma, ao non ser sequera preciso como elemento condicionante ao respecto o esgotamento da inicial e previa vía administrativa.

A diferenza do que acaeceu en España coa reforma operada pola Lei núm. 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa e que desde logo entrou en vigor hai agora xa máis de dez anos sen ser acompañada de ningún efectivo soporte ofimático avanzado -ata o punto de que aqueles sistemas informáticos pretendidamente novidosos coñecidos como “LIBRA” ou “MINERVA” non se implantaron nos correspondentes órganos xudiciais unipersoais ou colexiados da devandita referida Orde xurisdicional senón ata varios anos despois e desde logo desprovistos de posibilidade ningunha de dixitalización-, en Portugal aborouse a reforma da súa Xurisdición Administrativa facendo do correspondente soporte ofimático e da efectiva asunción das técnicas de dixitalización as súas senllas pedras basais.

A propia Exposición de Motivos do Decreto-Lei portugués núm. 325/03, de 29 de decembro, apunta xa sen ambages que “se trata de dar resposta ás cuestións derivadas da implantación dos Tribunais Administrativos de Círculo e dos Tribunais Tributarios recentemente establecidos -entre outros extremos-, no que atinxe ao seu novo sistema informático..., que permitirá asegurar unha tramitación esencialmente informática dos procesos”.

Por conseguinte, o devandito referido Decreto-Lei portugués núm. 325/03, de 29 de decembro, inclúe precisamente no seu Capítulo II -relativo á organización e funcionamento dos Tribunais da Xurisdición Administrativa e Fiscal-,<sup>6</sup> as correspondentes pautas de trami-

6 Malia a súa denominación, non se trata dunha Xurisdición Administrativa no anello sentido tradicional tal como a concebimos en España -onde baixo ese nome se designa ao conxunto de órganos administrativos dependentes das Administracións Públicas que ditan resolucións administrativas de carácter xenérico ou aínda singularizado (tal como desde logo acaece a título exemplificativo cos Tribunais Económico-Administrativos ou co novidoso Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais)-, senón dunha Xurisdición plena integrada por órganos xudiciais e dirixida á efectiva tutela xudicial da correspondente actuación administrativa. A súa cúpula componse do Supremo Tribunal Administrativo, con sede en Lisboa, así como por senllos Tribunais Centrais Administrativos Norte e Sur, con respectiva sede en Oporto e Lisboa, dos que respectivamente dependen no primeiro caso aqueles Tribunais Administrativos de Círculo e Fiscais residenciais en Braga, Coimbra, Mirandoua, Peñafiel, Oporto e Viseu -aínda que está prevista unha reforma desta última demarcación territorial que sería dividida e que determinará a previsible radicación dunha nova sede en Aveiro-, mentres que no segundo as sedes dos devanditos referidos órganos xurisdicionais periféricos se atopan radicadas en Almada, Beja, Castelo Branco, Funchal (Madeira), Leiria, Lisboa, Loulé, Lourés, Ponta Dogada (Azores), e Sintra. Entraron en vigor mediante a sucesiva promulgación da Lei núm. 13/2002, de 19 de Febreiro; da Lei núm. 4-A/2003, de 19 de Febreiro, así como daqueloutra Lei núm. 107-D/2003, de 31 de Decembro, onde se regula o seu correspondente Estatuto así como a súa estrutura orgánica e demarcación territorial. En suma, as súas competencias e estrutura coñectaríanse no Ordenamento xurídico español co ámbito de aplicación da Lei núm. 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



tación procesal, prestando ademais especial e singularizada atención aos fitos ofimáticos precisos para a efectiva aplicación das correspondentes técnicas de dixitalización como soporte condicionante das diferentes actuacións tramitacionais.

Mentres o apartado 1 do Art. 4 do devandito Decreto-Lei portugués núm. 325/03, de 29 de decembro, establece que “a tramitación dos procesos nos Tribunais da Xurisdición Administrativa e Fiscal será efectuada informaticamente, debendo ser as normas procesais relativas aos actos dos Maxistrados e das Secretarías xudiciais obxecto das adaptacións prácticas que se revelen necesarias”, o seu apartado 2 prevé o correo electrónico como habitual pauta tecnolóxica normalizada de comunicación coas correspondentes Contrapartes sempre que a mesma sexa prevista pola correspondente normativa procesal.

En calquera caso, o apartado 3 do Art. 4 de semellante Decreto-Lei portugués núm. 325/03, de 29 de decembro, prevé precisamente como soporte material de todo iso que a tal fin os documentos presentados polas Partes en soporte papel sexan dixitalizados pola Secretaria xudicial -ou polo persoal funcional auxiliar dependente da mesma segundo desde logo natural e cotiamente acaece-, nos casos e termos a desenvolver pormenorizada e regulamentariamente polo Ministerio de Xustiza de Portugal.

Establécese tamén polo apartado 4 do Art. 4 de igual Norma legal portuguesa que semellantes documentos susceptibles de ser dixitalizados poidan ser achegados -ao órgano xudicial correspondente-, mediante correo electrónico ou calquera outro medio de transmisión electrónica de datos, podendo desde logo ser dispensadas as correspondentes Contrapartes de remitir ao Tribunal o soporte en papel e as súas copias -prevéndose ademais o ulterior desenvolvemento regulamentario de semellantes extremos-, sen prexuízo de que se preserve no seu apartado 5 a eventual discrecionalidade xudicial conforme á normativa procesal portuguesa relativa ás súas superiores facultades de esixir a eventual aportación -parecería mellor aludir á exhibición-, dos correspondentes soportes documentais orixinais ás Partes comparecidas previamente á súa dixitalización a fin da súa incorporación material ao correspondente proceso.

Mentres en España as correspondentes aplicacións informáticas se desenvolveron e se implantaron unilateralmente polo Ministerio de Xustiza ou polas correspondentes Comunidades Autónomas con competencias transferidas na materia sen axustarse á previa promulgación de soporte normativo-reglamentario ningún de alcance xeral,<sup>7</sup> hase de destacar que en Portugal desenvolveuse regulamentaria e pormenorizadamente aquel referido Art. 4 do devandito Decreto-Lei portugués núm. 325/03, de 29 de decembro, mediante o Decreto núm. 1417/03, de 30 de decembro, a fin de regular os aspectos específicos de aplicación do

7 As previsións normativas establecidas ao respecto en España caracterízanse pola adopción de pautas tecnolóxicas abertas no que atinxe á realización das comunicacións procesais -tal como prevén tanto o Art. 230 da vixente redacción da L.O. núm. 6/85, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, como os Arts. 135,5 e 162 daqueloutra Lei núm. 1/00, de 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil-, sempre que se asegure o cumprimento das normas procesais ao respecto amén dos principios de confidencialidade, privacidade e seguridade dos correspondentes datos ofimáticos, en relación coa observancia así mesmo do contido tanto daqueloutra L.O. núm. 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, como do Real Decreto núm. 994/99, de 11 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal. Porén, fóra do desenvolvemento regulamentario por parte do Consello Xeral do Poder Xudicial de singularizadas potestades discrecionais dirixidas a asegurar a compatibilidade -a miúdo dificultosa senón imposible por completo-, entre os diferentes sistemas informáticos implantados polo Ministerio de Xustiza e as diferentes Comunidades Autónomas -o que se plasma tanto no Art. 230,5 “in fine” daquela L.O. núm. 6/85, de 1 de xullo, como nos Arts. 86 a 97 do Regulamento núm. 1/95, de 15 de setembro, do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial e relativo aos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, así como no Anexo I daqueloutra Acordo de data 20 de setembro do 2006 de igual órgano plenario do Poder Xudicial e relativo á creación de ficheiros de datos de carácter persoal dependentes dos órganos xudiciais-, omitiuse farto paradoxalmente e ata datas farto recentes -como máis adiante pormenorizadamente se aludirá-, prescribir tanto a obrigatoriedade da dixitalización integral das actuacións xudiciais como establecer pautas de mantemento dos correspondentes ficheiros ofimáticos ao respecto que ata a data poidan ser potestativamente achegados ao proceso polas correspondentes Contrapartes comparecidas.



Sistema Informático dos Tribunais Administrativos e Fiscais (SITAF), de Portugal, cohonestándose ademais todo iso coa vixencia a partir do día 1 de xaneiro do 2004 da correspondente reforma da Xurisdición Administrativa e Fiscal portuguesa, de modo que se regularon tanto a presentación mediante vía electrónica do soporte documental correspondente como a súa tramitación informática e o seu obrigado e cotián tratamento dixitalizado.

Implantáronse pois a fin da admisión normalizada de documentos por vía electrónica determinados estándares -sendo paradoxal en calquera caso que se impuxese ao respecto o formato TIFF e non o máis versátil e xeneralizado PDF-, establecéndose ademais unha dirección "e'mail" xeral e centralizada, así como a necesidade -por outra parte obvia-, de que o correspondente remitente contase con sinatura electrónica avanzada, dispensándose en suma de achegar copias en soporte papel a aquela Contraparte que presentase ao correspondente Tribunal os seus documentos mediante vía electrónica, salvo que se tratase de soportes documentais que levasen consigo un volume superior ás *cen (100) páxinas*.

Prevese pois polos Arts. 2, 3 e 4 do devandito Decreto portugués núm. 1417/03, de 30 de decembro, a inicial e preceptiva obriga xenérica de dixitalización de todo o soporte documental presentado nos correspondentes procesos da súa Xurisdición Administrativa e Fiscal, de modo que por un lado se establece o directo almacenamento daqueles documentos remitidos mediante vía electrónica naqueles normalizados arquivos ofimáticos antes salientados, mentres que por outro se prescribe tamén a obrigada dixitalización daqueles outros soportes documentais en papel pormenorizadamente achegados en cada caso polas correspondentes Contrapartes, pola Secretaría xudicial ou -débase desde logo sobreentender-, polo persoal auxiliar da Administración de Xustiza dependente da mesma.

Malia establecerse semellante pauta xenérica de dixitalización xeneralizada de todo o soporte documental da tramitación procesal inherente á Xurisdición Administrativa e Fiscal portuguesa, prevese así mesmo a discrecional opción por parte da titular da Secretaría do correspondente órgano xudicial de omitir semellante dixitalización nos seguintes supostos: a) Cando exceda de *cincoentas (500) páxinas* o soporte documental en papel; b) Cando o soporte documental en papel tivese sido achegado en formato superior ao A-4; e c) Cando o soporte físico do documento achegado non sexa en papel ou cando o mesmo o sexa, en suma, en documento de características que dificulte a súa efectiva dixitalización.

En calquera caso, o imperativo establecemento da devandita xeneralizada obriga de almacenamento en arquivos dixitalizados de todo o contido dos correspondentes procesos administrativos e fiscais en Portugal non empece para que se establezan eventuais salvagardas conservativas relativas á garda do correspondente soporte-papel pola titular da Secretaría correspondente dos diferentes órganos xudiciais naqueles casos en que -debido sen dúbida ás características ou á propia deficiente calidade do documento orixinal-, a dixi-

8 Residía pois no devandito extremo a capital diferenza entre as previsións normativas de España e Portugal. Mentres en Portugal se estableceu a dixitalización como obrigada pauta habitual de arquivo, almacenamento e control procedementa-ofimático das correspondentes actuacións procesais e aínda do proceso considerado no seu conxunto -salvo singularizadas excepcións daquela pormenorizadamente regulamentadas-, en España apuntase no seu día tan só a devandita técnica como mera posibilidade polo Art. 3,3 do Real Decreto núm. 937/03, de 18 de xullo, de modernización de arquivos xudiciais, a título de mero factor aforrador de espazo físico nos ategados arquivos xudiciais, articulándose así mesmo singularizadas previsións técnicas ao respecto polo punto 11 do Anexo IV do Real Decreto núm. 84/07, de 26 de xaneiro, sobre implantación na Administración de Xustiza do sistema informático de telecomunicacións LEXNET para a presentación de escritos e documentos, o traslado de copias e a realización de actos de comunicación procesal por medios telemáticos. Produciuse así o paradoxo de que en España se previu a dixitalización como pauta precisa pero accesoria para a comunicación procesal -ligándose mesmo ás previsións normativas da Lei núm. 59/03, de 19 de decembro, de sinatura electrónica-, sen que porén se prescribe de modo inmediato e xeneralizado como imprescindible fito previo de utilizar a dixitalización como obrigada soporte de arquivo e control ofimático do contido e transcurso dos diferentes procesos, de modo que mesmo se se procede ocasionalmente á dixitalización total ou parcial do seu contido se prescinde logo por completo dos seus datos ofimáticos como capital pauta de control procedemental nos diferentes órganos xudiciais.



talización resulte dificultosa, prevéndose entón o seu arquivo e consulta en lugar axeitado do Tribunal Administrativo e Fiscal portugués do que en cada caso se trate.

Por último -como non podía ser doutro xeito-, prevese tamén que os documentos procesais emanados dos correspondentes titulares xudiciais ou das Secretarías se poidan incorporar ao soporte electrónico-ofimático dos procesos administrativos sempre que contenga a sinatura electrónica avanzada, sen que desde logo exista previsión normativa -aínda que nada empeza desde logo-, a que os devanditos documentos producidos "ad intra" do correspondente proceso por aqueles órganos xudiciais ou pola devandita fedataria xudicial poidan ser no seu caso así mesmo dixitalizados unha vez asinados fisicamente polos seus autores e en réxime de tratamento dixital polo menos idéntico a aquelas documentais provenientes das diferentes Contrapartes comparecidas.

En suma, os Tribunais Administrativos e Fiscais de Portugal contan cun soporte ofimático que permite aos seus usuarios -en particular, aos titulares xudiciais; ao persoal das correspondentes Secretarías e aínda ás Representacións legais das Contrapartes comparecidas- acceder de forma instantánea e fiable ao efectivo contido material dos diferentes procedementos, ben de forma inmediata ou aínda a través de INTERNET, asegurando así a realización efectiva de pautas de control tramitacional malia a masiva sobrecarga procedimental que actualmente lastra semellante especializada Orde xudicial portuguesa.

Así, a dixitalización asumida como cotiá pauta técnico-ofimática pola Xurisdición Administrativa e Fiscal portuguesa permítelles desde logo ás súas diferentes Autoridades xudiciais e gubernativo-xudiciais coñecer en tempo real e sen asomo de descontrol procedimental o pormenorizado estado en tempo real da súa singularizada situación tramitacional.

Malia o grao da súa pendencia resolutoria -inherente sen dúbida a extremos tan paradoxais como a posibilidade de irrestrito acceso á Orde xudicial administrativa portuguesa ou o "hipergarantismo" do seu vixente sistema procesal-, a decidida asunción da dixitalización como efectiva e fiable base do Sistema Informático dos Tribunais Administrativos e Fiscais (SITAF), de Portugal constitúe non só próxima e inicial iniciativa a imitar senón seguro alicerce de todo ulterior proxecto de reforma que alí poida abordarse.

O actual Sistema Informático dos Tribunais Administrativos e Fiscais (SITAF), de Portugal asume pois en tempo real a súa cotiá realidade tramitacional mediante a masiva dixitalización procedimental integral das súas diferentes actuacións -que transparentan ademais sen disimulo as súas rémoras e disfuncións-, de modo que serve de patente exemplo da canle tecnolóxica precisa para obter unha base técnico-ofimática que integre de forma efectiva e sen ningún xénero de exclusións unha inevitable realidade: o proceso contido nun único soporte dixitalizado que sexa fiel reflexo non só da súa realidade documental senón inclusive da súa transformación tramitacional cotiá.

O soporte dixitalizado integral das actuacións xudiciais correspondentes á Xurisdición Administrativa e Fiscal de Portugal ten porén aínda pendente de abordar -sen dúbida por patentes motivos orzamentarios-<sup>9</sup> tanto a súa extensión ao resto das súas Ordes xurisdicionais como a integración de buscadores transversais de última xeración que potencien o rendemento procesal cotidián dos demais órganos xudiciais lusos.

<sup>9</sup> En calquera caso, non parece que sexa alleo á devandita onerosidade orzamentaria o feito de que a implantación e desenvolvemento ofimáticos de semellante sistema informático de dixitalización da Orde xudicial administrativa de Portugal correse materialmente a cargo dunha específica Entidade empresarial de ámbito multinacional á cabeza no campo da consultoría institucional pero que trata desde logo de rendibilizar ao máximo a súa experiencia ao respecto, ao empregar como ulterior factor engadido de rendibilidade empresarial a cautividade dos desenvolvementos daquel sistema ofimático alí implantado.

## IV A implantación de buscadores de segunda xeneración como corolario da dixitalización e modernización xudicial

O obrigado corolario en España de semellante proceso de masiva dixitalización procedementa constituiríao non só o establecemento de pautas de interconectividade telemática senón sobre todo a elaboración primeiro e a implantación despois dun catálogo de “buscadores” de última xeración –extremo sobre o que deberían centrarse os diversos e aínda contrapostos esforzos institucionais realizados tanto polo Ministerio de Xustiza como polas diferentes Comunidades Autónomas e aínda polo propio Consello Xeral do Poder Xudicial-, a fin de que a nivel xeral, por sectores xurisdicionais ou aínda mesmo respecto a cada órgano xudicial colexiado ou unipersoal se puidese obter en tempo real a información necesaria tanto para o mellor control procedemental como inclusive no que atinxe á realización da diaria función xudicial.

Comezan pois a implantarse xa na actual práctica ofimática da sociedade contemporánea buscadores de segunda xeración que posibilitan o diálogo directo entre o usuario e a máquina -mesmo baixo a súa connotación de dicción verbal-, de modo que resulta posible a pormenorizada elaboración de perfís ou patróns de busca para grupos de actuacións -agrupadas por ordes xurisdicionais; fases tramitacionais, etc.-, ou aínda caso por caso.

Por conseguinte, non só debería resultar posible nun futuro próximo na Administración de Xustiza española poder buscar interconectadamente a fin de analizar de modo tan coherente como exhaustivo o contido dos diversos arquivos dixitalizados correspondentes a cada órgano xudicial unipersoal ou colexiado baixo parámetros globais ou relativos a cada Orde xurisdiccional -que deberían ser elaborados ou polo menos aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial como órgano de goberno de Xuíces e Tribunais-, cuxo resultado achegase datos identificativos e tramitacionais precisos a partir de perfís ou mostras de ADN; pegadas dactilares; medidas antropométricas; imaxes ópticas singularizadas e desde logo sobre calquera outros meros datos identificativos -como o DNI/NIF; nomes, alcumes e datas de nacemento; direccións postais; lugares de traballo ou de normal concorrencia, teléfonos ou enderezos telemáticos, etc.-, senón que en certos supostos -sobre todo no que atinxe á Orde penal-, semellantes extremos deberían estenderse así mesmo aos arquivos automatizados do resto das Administracións Públicas.

Semellante informática xudicial integrada imprescindíble para a eficacia da Administración de Xustiza debería permitir, tamén en tempo real e mediante linguaxe máquina-máquina ou aínda en diálogo home-máquina, a pormenorizada resposta aos interrogantes deixados sen cobertura por aqueles perfís de busca xerais antes aludidos, de modo que as respostas precisas para a axilización procedemental e o mellor desenvolvemento do cometido xurisdiccional fluísen a través dos diversos sistemas ofimáticos a partir dunha premisa global: a existencia de múltiples arquivos xudiciais previa e integramente dixitalizados e diariamente actualizados debido a una cotiá realidade procedemental sempre suxeita a mutación.

A informática xudicial tería pois que estar primordialmente ao servizo do labor xurisdiccional e non desde logo ao revés -como actualmente acaece-, na medida en que os diversos sistemas ofimáticos implantados na Administración de Xustiza responden a prioridades diversas pero sempre farto diferentes do devandito extremo, ao estar dirixidas á obtención de parámetros estatísticos a miúdo vacuos e que en modo ningún contribúen a axilizar a abrumadora realidade tramitacional diaria das actuacións xudiciais que atenaza aos nosos Xulgados e Tribunais.



En calquera caso, para que as cousas funcionen e se fagan posibles os anhelos persoais e as ilusións colectivas dunha Xustiza eficaz e mellorable cada día, resulta ineludible implantar na mesma solucións prácticas que respondan ás prosaicas necesidades da realidade cotiá, de modo que –afirmabamos recentemente-, “a dixitalización integral dos seus órganos xudiciais constitúe obrigado fito tecnolóxico do todo punto imprescindible”.<sup>10</sup>

Malia a obviedade de que “só cando se implante o expediente xudicial electrónico en todos os órganos –incluída a Fiscalía-, será posible a tramitación do procedemento desde o seu inicio ata o seu arquivo en formato dixital”,<sup>11</sup> as reticencias e reparos cara a dixitalización procedemental como ineludible presuposto tecnolóxico da modernización da Administración de Xustiza pareceron arraigar mesmo entre as superiores Instancias ministeriais.

Aludiuse así como factor de exclusión da dixitalización procedemental integral dos Xulgados e Tribunais a pretendidas complexidades tramitacionais cotiás, ao terse afirmado precisamente polo no seu día Secretario Xeral de Modernización e Relacións coa Administración de Xustiza do Ministerio de Xustiza Julio Martínez Meroño que, entón, “teríamos que escanear e dixitalizar todos os papeis que entrasen e –iso-, sería materialmente imposible”.<sup>12</sup>

Semellante afirmación da devandita outrora alta Autoridade ministerial equivalía pois á postura dun responsable bancario ou empresarial que baixo capa da complexidade de inventariar os seus activos patrimoniais se negase a coñecer o exacto contido e clasificación dos mesmos, a súa cuantificación diaria e cotiá evolución, de modo que non só se abocaría á correspondente Entidade crediticia ou comercial a riscos insospeitados e prácticas inaceptables nun sistema de control e auditoría financeira serio senón que, con toda seguridade, habería que proceder á súa inmediata intervención a fin de conxurar tanto a previsible aparición de toda clase de disfuncións e desmandos contables como a súa ulterior e irreversible quebra institucional.

En realidade, a implantación da dixitalización procedemental nos órganos xudiciais en España non suporía tanto maior problema tecnolóxico-material como ter que reorientar a proxectada reforma da Oficina xudicial a fin de adaptala funcional e estruturalmente á catarata de innovacións tecnolóxicas e ofimáticas de última xeración –sen que tampouco se realizase estudo nin experiencia material integral ao efecto ata a data-,<sup>13</sup> téndose executado como máximo illadas probas de ferramentas ou aplicacións informáticas singularizadas pero desprovistas desde logo de indicio ningún de interactividade global e de suficiente visión de futuro.<sup>14</sup>

As modernas tecnoloxías ofimáticas condicionan e aínda determinan as pautas de reforma e organización da Administración de Xustiza en xeral e da Oficina xudicial en particular, sen que poida abordarse con realismo e eficacia a súa reforma se se prescinde de asumir a dixitalización procedemental integral dos órganos xudiciais como elemento basal da política de modernización e das pautas de accesibilidade, interconectividade e transparencia tramitacionais que lles son inherentes.

10 Ramírez Sineiro, José Manuel: “La digitalización procedimental integral de los Órganos judiciales como premisa tecnológica de su eficacia jurisdiccional”. “DELIBERACION”, núm. 10, Novembro, 2008, p. 26.

11 Reventós, Laia: op. cit, p. 37.

12 Cit. Ibidem, p. 37.

13 Ao respecto, Peral, María: “Los jueces ponen en evidenciá revolución informática de Bermejo”. “EL MUNDO”, 15.11.08, p. 24.

14 Sobre o particular, Linde, Pablo: “La justicia mira al siglo XXI”. “EL PAIS”, 08.11.08, p. 21.

Aludir pois a dificultades materiais, procesais ou organizativas como eventuais factores de exclusión ou de imposibilidade da implantación da dixitalización procedemental integral dos Xulgados e Tribunais supón descoñecer non só a patente e aínda próxima experiencia comparada na materia senón obstinarse mesmo en permanecer á marxe dunha segura pauta de modernización tecnolóxica que progresiva pero irreversiblemente xa se asentou nos sectores público e privado da nosa sociedade.<sup>15</sup>

Ademais, a combinación da dixitalización procedemental integral<sup>16</sup> dos nosos Xulgados e Tribunais coa implantación de avanzados buscadores lineais e transversais de segunda xeración supón a única pauta tecnolóxica susceptible de paliar ou aínda solucionar o actual caos informático-institucional de ámbito estatal e autonómico que reina nunha Administración de Xustiza segmentada entre o Ministerio de Xustiza e as diferentes Comunidades Autónomas con competencias transferidas na materia.

Mentres a dixitalización procedemental integral das actuacións xudiciais permitiría o instantáneo acceso ao contido material dos procesos tanto en trámite como arquivados, os buscadores lineais e transversais de última xeración permitirían a interconectividade total dos órganos xudiciais á vez que tamén servirían para paliar ou aínda erradicar as actuais taifas ofimático-institucionais que presiden todos os ámbitos da nosa Administración de Xustiza e que determinan a miúdo que nin sequera se poida acceder nin moito menos coñecer informaticamente e de xeito remoto o contido procedemental de Xulgados e Tribunais próximos ou mesmo radicados na mesma cidade e con común sede xudicial.

15 Así, "o Boletín Oficial do Estado abandonou o papel. Segue existindo, claro, pero desde o inicio do novo ano só é posible acceder aos seus contidos a través da Rede. A versión dixital convivía desde hai tempo coa letra impresa e non lle ía mal: a súa media diaria de visitas era duns tres millóns. Se no outro prato da balanza se colocan os suscritores que tiña a edición do BOE en papel –doce mil-, é evidente que a versión electrónica gaña por goleada. O Ministerio da Presidencia -do que depende este Boletín-, aforra con este salto á INTERNET uns seis millóns de euros. Forma parte da lóxica dos tempos que se produzan estas mudanzas. E xa se ve que son sensatas e que permitirán aforrar tempo e diñeiro. Tamén é verdade que semellantes cambios converten en ruínas, nun intre, conviccións fundamente arraigadas durante milenios. Que leis, decretos, regulamentos, sentenzas e demais documentos oficiais pasen a ter a lixeira consistencia das cousas que circulan pola Rede poría os pelos de punta a Hammurabi, aquel rei que na vella Mesopotamia se encargou de que o seu código fose tallado nun imponente bloque de diorita. Aí están, gravadas en caracteres cuneiformes (pódense ver no Louvre), as leis que debían rexer a convivencia entre os súbditos de Hammurabi. Tamén as Táboas da Lei que recibiu Moisés tiñan un notable peso. Esa idea da letra esculpida que non pode borrarse doadamente, ese afán pola duración, esa vontade de que o lexislado adquira a solemnidade e o peso da pedra (e da letra escrita)..., vaíse obviamente ao garete cun BOE ao que se pode acceder coa mesma facilidade coa que un encarga *on line* unha cesta de bombóns. Dun tempo a esta parte, hai unha querenza por producir leis ou emendalas en canto se produce un escándalo e a xente da rúa se indigna. Púxose de moda a idea de que as cousas só pasan polos Xulgados, se intervéñ a lei. E a cada pouco hai que facer algunha nova. Por iso hai que celebrar este BOE dixital. Imaxinen por un momento que a Hammurabi lle tivese tocado unha cidadanía tan exaltada. ¡Non habería salas no Louvre para acoller os seus diferentes códigos!". El Acento-Opinión: "El peso y la ligereza". "EL PAIS", 03.01.09, p. 20.

16 En calquera caso, en España lévase actualmente a cabo unha experiencia-piloto ao respecto na Audiencia Nacional. Así, "a dixitalización da Audiencia Nacional para a implantación do expediente dixital é un dos eixes do Plan Estratégico de Modernización do Sistema de Xustiza 2009-2012. Este Plan, aprobado o 18 de Setembro de 2009 –que supún un investimento continuado de centos de millóns de euros a cuxa cobertura se dedicarán en maior ou menor grao os ingresos das taxas xudiciais recentemente introducidas no noso sistema procesal-, contén o conxunto de medidas encamiñadas a un servizo público de xustiza tecnoloxicamente avanzada, máis áxil e eficiente, que garanta os dereitos da cidadanía...", de modo que a súa concreción "no Proxecto de dixitalización da Audiencia Nacional significa a implantación dunha xestión integral do Expediente dixital en formato dixital, un proceso que tamén se iniciou nas Fiscalías da Audiencia Nacional... A dixitalización dos documentos segue as seguintes fases: a) Planificación do traballo diario; b) Manipulación previa para deixar o documentos nas mellores condicións para ser escaneado; c) Dixitalización –que consiste na práctica en escanear os documentos que ingresen en soporte papel na Oficina de Rexistro da Audiencia Nacional e que estará interconectado co sistema de notificacións e comunicacións telemática LEXNET-, e posterior control de calidade; d) Catalogación dos documentos en *pdf* para que o usuario final poida localizar en cuestión de segundos, a golpe de teclado, calquera documento obrante na causa". Cit. [www.legaltoday.com/actualidad/noticias](http://www.legaltoday.com/actualidad/noticias), 23 de Novembro de 2010, Pp. 1-4. En calquera caso, parece non ser prioritaria a implantación no devandito sistema dun buscador asociado tipo "araña" de última xeración, de modo que non resulta aventurado afirmar que o devandito proxecto experimental nace xa lastrado ou, polo menos, moi curto de miras, sen que paradoxalmente se prevexa sequera experimentar a busca interconectada, instantánea e masiva de documentos e imaxes dixitalizados en arquivos informáticos e telemáticos non só pertencentes aos Xulgados e Tribunais da Audiencia Nacional senón tamén respecto a outros sitios noutros órganos xurisdiccionais –xa centrais ou periféricos-, ou nos Departamentos ministeriais; Entes institucionais, etc...



## V A dixitalización procedemental en España á luz da vixencia da Lei núm. 18/11, de 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza

Malia todas as reticencias e o caos institucional inherente á insólita perpetuación da segmentación horizontal-competencial da oficina xudicial e á diferente dependencia institucional-funcional do correspondente persoal funcional; dos Secretarios xudiciais e dos propios titulares xurisdicionais, o certo é que ao final da etapa do Ministro Fernández Bermejo á fronte do Ministerio de Xustiza, así como despois, se tratou de afrontar o reto da modernización da Administración de Xustiza abordando o desafío da dixitalización procedemental integral dos diferentes órganos xudiciais.

Así, despois dunha tramitación parlamentaria sen maiores incidencias e conforme á súa Disposición final cuarta, o pasado día 7 de xullo do 2011 entrou en vigor –sen “vacatio legis” ningunha-, a Lei núm. 18/11, de 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de Xustiza (B.O.E. núm. 160), “ao día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Estado*”.

¿Quere iso dicir que a partir de entón en todos os órganos xudiciais españois –fosen colexiados ou unipersoais; de pobo, cidade ou gran capital-, se produciu o comezo dun proceso de dixitalización universal de todos os seus documentos contidos en soporte-papel ou que, polo menos, se empezou a dixitalizar o contido de todos os procedementos incoados a partir daquela data de vixencia da devandita Norma legal de pretendida vocación de alcance xeral?

Evidentemente, a resposta non só é negativa senón que a cotiá realidade procedemental-xudicial –exacerbada ademais pola crúa situación económica-, produce como resultado que o devandito propósito normativo parece ser máis un mero “desiderátum” legal que a regulación normativa da execución material de plans tecnolóxicos efectivos e de eficacia contrastada.

Non existe pois un plan de implantación inmediata e masiva en todos os órganos xurisdicionais españois dirixido á súa dixitalización procedemental integral, sin que tampouco existan sequera previsións de pormenorizadas pautas sucesivas a fin de acometer a devandita tarefa territorialmente ou por ordes xurisdicionais, nin desde logo consta que se preveise un calendario prospectivo ao respecto fóra de xenéricas previsións na fronteira temporal do ano 2015.

En realidade, o contido normativo da devandita Lei núm. 18/11, de 5 de xullo, acomódase ao vello refrán de que “do dito ao feito vai un treito” que –no presente caso-, parece que vai para longo, ata o punto de que as súas Disposicións transitorias primeira e segunda “in fine” prevén a obvia coexistencia de procedementos en soporte papel e formato electrónico,<sup>17</sup> prevéndose así mesmo un prazo de *catro (4) anos* pola súa Disposición

17 Así, as Disposicións transitorias primeira,<sup>1</sup> e segunda “in fine” da devandita Lei núm. 18/11, de 5 de xullo, prevén tanto que “durante o tempo en que coexistan procedementos tramitados en soporte papel con procedementos tramitados exclusivamente en formato electrónico, os servizos electrónicos de información do estado da tramitación a que se refire a presente Lei incluírán, respecto aos primeiros, polo menos a fase na que se atopa o procedemento e o órgano ou unidade responsable da súa tramitación”, como que “será admisible a remisión do expediente en formato papel se as condicións técnicas non permitisen a súa remisión telemática”.

adicional terceira desde a entrada en vigor da presente Lei para que as Administracións con competencias en materia de Administración de Xustiza garantan a interoperabilidade entre os sistemas informáticos e telemáticos no seu caso operativos.<sup>18</sup>

A única experiencia de masiva dixitalización procedemental integral abordouse na Audiencia Nacional con resultados cando menos discutibles<sup>19</sup> –sen que por outra parte se realizase experiencia integral ningunha en terceiros órganos xudiciais nin sequera ao abeiro dos controvertidos ensaios de implantación da Nova Oficina Xudicial (NOX)-,<sup>20</sup> non tanto porque semellante propósito sexa equivocado senón porque as ideas mestras conforme ás que se abordou o proxecto parecen ter posto máis énfase no proceso de xestión procedemental que na eficaz explotación integral da información susceptible de obterse do arquivo dixitalizado a fin de abordar desde aí –non antes-, o quefacer procesal diario e o cometido xurisdiccional cotián.

Así, alí “a *rede* cáese cada dous por tres e non funciona o sistema de dobre pantalla nun escritorio integrado para Maxistrados, Secretarios Xudiciais e persoal dos Corpos de Xestión e Tramitación Procesal. Perdeuse documentación, datos cruzados entre expedientes”, sen que exista –segundo sinala unha recente crónica periodística-<sup>21</sup> unha orde correlativa entre as Sentenzas”, producíndose “un colapso no sistema xudicial da Audiencia Nacional sen precedentes”.

“Esta é a paisaxe case de guerra que deixa un paseo polas instalacións onde se trasladaron recentemente os Xulgados Centrais do Contencioso da Audiencia Nacional” –é o relato de Erika Montañés-, de modo que “este campo de minas vén sementado por un proxecto de implantación do expediente xudicial electrónico na Audiencia Nacional feito mal, sen os medios necesarios e con présas por parte do Ministerio de Xustiza”.<sup>22</sup>

“Non foi ata Marzo deste ano 2011 cando o Goberno –en realidade o Ministerio de Xustiza habería que precisar-, comezou a apurar prazos, consciente de que tiña que completar o *seu proxecto estrela* na Administración de Xustiza –ao ser este un dos eixes do Plan Estratégico de Modernización do Sistema de Xustiza 2009-2012-, antes das eleccións xerais. O pasado xuño o devandito Departamento anunciou que iniciaba a última fase do expe-

18 Malia que a Disposición adicional terceira de semellante Norma legal farto recente prescriba que “no prazo de *catro (4) anos* desde a entrada en vigor da presente Lei, as Administracións con competencia en materia de Administración de Xustiza garantirán a interoperabilidade entre os sistemas ao servizo da Administración de Xustiza, de acordo coas especificacións establecidas polo Comité técnico-estatal de Administración xudicial electrónica no marco institucional de cooperación en materia de administración electrónica”, parece cando menos dubidoso senón farto difícil que nas circunstancias de masiva contracción orzamentaria que se prevén para os próximos exercicios orzamentarios se programen investimentos ao respecto con cargo ao orzamento das diferentes Comunidades autónomas con competencias ao respecto, salvo que naturalmente se produza un incremento xeneralizado dos supostos de aplicación das diferentes taxas xudiciais.

19 Malia que semellante “proceso na Audiencia Nacional se iniciou en Setembro de 2010 coa posta en marcha do Servizo de Dixitalización Masiva que permitiu a dixitalización de máis de *trinta e un millóns (31.000.000) de páxinas* dos procedementos en trámite... o seu Presidente Angel Juanes admitiu onte que o proceso de dixitalización para implantar o expediente xudicial electrónico está causando problemas, especialmente nos Xulgados –Centrais-, do Contencioso-Administrativo”. Pola súa parte, o sindicato Comisiones Obreiras (CCOO), asegurou hoxe nun comunicado que “o expediente xudicial electrónico segue sen funcionar e ten atascados decenas de procedementos por causas alleas aos traballadores”, sen prexuízo de que “Juanes sinalase que a Sala de Goberno –da Audiencia Nacional-, é consciente destes inconvenientes e que está en contacto co Ministerio de Xustiza para emendalos”. Cit. Pablo Sanjuán. EFE, 3.11.11. [www.lexdiario.es](http://www.lexdiario.es).

20 En calquera caso, a ausencia de ensaios integrais de dixitalización no seo da Nova Oficina Xudicial sucesivamente experimentada en órganos xudiciais de Burgos, Murcia, Cáceres e, por último, de León, tamén xerou públicas críticas en canto “o expediente dixital brillou pola súa ausencia”, de modo que o Decano dos Procuradores leoneses manifestou que “a cadea desta bicicleta –a modernización xudicial-, é o expediente dixital e mentres non funcione, a bicicleta non vai andar ben”. “Seguindo coa metáfora –apuntábase nunha recente publicación asociativo-xudicial-, a bicicleta non só carece de cadea senón de roda diantera, pois sen o expediente dixital, o Servizo de Ordenación do Procedemento supuxo un aumento de burocracia” –polo que-, o Secretario do Colexio de Avogados de León declaraba pola súa parte que “pulsamos un atraso evidente desde que un escrito se presenta no rexistro ata que recibimos a primeira notificación da súa posta en marcha”, cifrándose o atraso en “dous meses ou máis”. Cit. “NOTICIAS FRANCISCO DE VITORIA”, núm. 35, Outubro, 2011, p. 7.

21 Montañés, Erika: “El proyecto estrella de digitalizar la Audiencia Nacional sume a Justicia en el caos”. [www.abc.es](http://www.abc.es), 05.12.11, p. 1.

22 *Ibidem*, Pp. 1 e 2.



diente xudicial electrónico que suporía a implantación da dixitalización masiva no resto da Audiencia Nacional ata setembro. Imposible facelo”.<sup>23</sup>

“Creouse –alí-, o novo Servizo Común de Rexistro, Reparto, Dixitalización e Arquivo encargado de recibir, rexistrar, dixitalizar e catalogar nun único xestor documental toda a información para que fose accesible a todos os axentes autorizados para a súa consulta e tramitación”, pero “non chegaban os prazos –afirman senllas Delegadas do Sindicato de Traballadores da Administración de Xustiza (STAX)-, así que se subcontratou unha Empresa externa que ata fai uns días seguía manexando documentos aos que só pode acceder o persoal cualificado e autorizado”.<sup>24</sup>

